

Referencia:	2019/7923J
Procedemento::	Expedientes de contratos de servicios
Interesado:	
Representante:	
ÁREA DE TRANSPARENCIA E GOBERNO ABERTO (5739)	

INFORME TÉCNICO

Introducción

O presente informe recolle a valoración das ofertas económicas do procedemento aberto para a contratación de servizos publicitarios en medios de comunicación de prensa e radio para a realización de campañas de publicidade por parte da Deputación Provincial de Ourense.

O 4 de setembro do 2019 procedeuse a constitución da mesa de contratación, integrada polo Sr. Vicepresidente provincial, don Rosendo Luís Fernández Fernández, como Presidente da mesa; o Vicesecretario, D. Juan Marquina Fuentes; a Interventora en funcións, Dña. Begoña Álvarez Matos; a Técnico do Servizo de Inversións, Contratación e Patrimonio, Dña. Marta Mouríño Vázquez e o Auxiliar Administrativo do Servizo de Inversións, Contratación e Patrimonio, D. Manuel Fernández

O 30 de agosto de 2019 a Mesa de Contratación procedeu a apertura do Sobre de documentación administrativa (Criterios obxectivos valorables de forma automática) .

O proceso de valoración realizouse totalmente de forma remota. Neste proceso levouse a cabo unha análise sistemática das propostas e baixo o mellor entender e imparcialidade do asintante do informe.

1 Lote 1. Servizos publicitarios en prensa

Recibíronse dúas propostas económicas dos licitadores: La Región, S.A e Publiestrategia, S.L

As ofertas presentadas cumpren con todos os requisitos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas (en adiante, PPT), obtendo as valoracións indicadas no Cadro 1 para os criterios avaliábeis mediante fórmulas descritos no prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante, PCAP).

Dado que a oferta de Publiestrategia S.L. fai referencia a datos de “La Región” na oferta económica que presentan, enténdese que os valores de audiencia media e venta media han de ser idénticos. Por elo, tomamos como referencia os que aporta “La Región”.

	LA REGION S.A	PUBLIESTRATEGIA S.L	LA REGION S.A	PUBLIESTRATEGIA S.L
LOTE 1	OFERTA	OFERTA	VALORACIÓN	VALORACIÓN
Predio Unitario	37,00	37,00	0,00	0,00
Audiencia Media	74.000	74.000 (72.000 ₂)	40,00	40,00
Venta Media	9.096,00	9.096,00 (9.361,00 ₂)	40,00	40,00
Compromiso	SI	SI	10,00	10,00
TOTAL VALORACIÓN			90,00	90,00

Cadro 1: Valoración servizos publicitarios en prensa

2 Lote 2. Servizos publicitarios en radio xeneralista

Recibíronse tres propostas económicas dos licitadores: Radio Popular S.A, Publiestrategia, S.L e Radio Ourense S.A

Recibida xustificación do importe ofertado por Radio Ourense S.A. en relación á posibilidade de incursión en baixa anormal ou desproporcionada, enténdese xustificada o cálculo da oferta, polo que se acepta a mesma.

Dado que a oferta de Publiestrategia S.L. fai referencia a datos de “Radio Ourense S.A.” na oferta económica que presentan, enténdese que os valores de audiencia media e venta media han de ser idénticos. Por elo, tomamos como referencia os que aporta “Radio Ourense S.A”.

As ofertas presentadas cumpren con todos os requisitos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas (en adiante, PPT), obtendo as valoracións indicadas no Cadro 2 para os criterios avaliábeis mediante fórmulas descritos no prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante, PCAP).

	RADIO POPULAR S.A	PUBLIESTRATEGIA S.L	RADIO OURENSE S.A	RADIO POPULAR S.A.	PUBLIESTRATEGIA S.L	RADIO OURENSE S.A.
LOTE 2	OFERTA	OFERTA	OFERTA	VALORACIÓN	VALORACIÓN	VALORACIÓN
Predio Unitario	30,00	35,00	24,80	16,53	0,00	20,00
Audiencia Obtida	36.000	44.000 (34.000 ₃)	44.000	65,45	80,00	80,00
TOTAL VALORACIÓN				81,99	80,00	100,00

Cadro 2: Valoración servizos publicitarios en radio xeneralista

3 Lote 3. Servizos publicitarios en radio musical

Recibíronse tres propostas económicas dos licitadores: Radio Popular, S.A, Radio Ourense, S.A e Publiestrategia, S.L

Recibida xustificación do importe ofertado por Radio Ourense S.A. en relación á posibilidade de incursión en baixa anormal ou desproporcionada, enténdese xustificado o cálculo da oferta, polo que se acepta a mesma.

Dado que a oferta de Publiestrategia S.L. fai referencia a datos de Cadena 100 (“Radio Popular S.A.”) na oferta económica que presentan, enténdese que os valores de audiencia media e venta media han de ser idénticos. Por elo, tomamos como referencia os que aporta “Radio Popular S.A”.

A proposta do licitador Radio Popular, S.A foi excluída xa que supera o establecido no prego no relativo ao criterio de “Orzamento base de licitación”, onde se recolle un importe máximo (sen impostos) de 25 €, ofertando 30 € neste apartado.

O resto das ofertas presentadas cumpren con todos os requisitos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas (en adiante, PPT), obtendo as valoracións indicadas no Cadro 3 para os criterios avaliábeis mediante fórmulas descritos no prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante, PCAP).

	PUBLIESTRATEGIA S.L	RADIO OURENSE S.A	PUBLIESTRATEGIA S.L	RADIO OURENSE S.A.
LOTE 3	OFERTA	OFERTA	VALORACIÓN	VALORACIÓN
Predio Unitario	25,00	16,53	0,00	20,00
Audiencia Obtida	26.000 (21.000 _s)	27.000	77,04	80,00
	TOTAL VALORACIÓN		77,04	100,00

Cadro 3: Valoración servizos publicitarios en radio musical

4 Proposta de adxudicación

En base á análise das ofertas recibidas, establécese a seguinte proposta de adxudicación:

- Lote 1: Habéndose producido un empate entre as ofertas de Publiestrategia S.L. e La Región S.A. polas razóns expostas no presente informe, propónse á mesa de contratación que solicite a documentación pertinente para resolver o empate producido.
- Lote 2: Radio Ourense, S.A.
- Lote 3: Radio Ourense, S.A.

O asinante do presente peritaxe declara, baixo a súa única responsabilidade, que todo o que afirma no presente informe baséase unicamente nos feitos que puido constatar e no seu propio coñecemento e experiencia adquirida no exercicio profesional.

1Oferta orixinal

2Oferta orixinal

3Oferta orixinal

4Oferta orixinal